

# Plan de Orientación

## Curso 18-19



(Versión impresa)

**Versión on line:**

[https://drive.google.com/open?id=1KKFRe8XsU6Sc19DXg\\_69-Gwyr1zkStRrOxOLEy-FuTw](https://drive.google.com/open?id=1KKFRe8XsU6Sc19DXg_69-Gwyr1zkStRrOxOLEy-FuTw)

**BLOG DO DEPARTAMENTO:**

**ORIENTA:** <https://orientagalicia.blogspot.com/>

**ORIENTACION EDUCATIVA**





1.. Estrutura Departamento

2. Marco legislativo

3. Contexto educativo-social

3. Obxectivos e actuacións

4. Planificación trimestral

5. Criterios de seguimento e avaliación

ANEXOS: Ámbitos de Intervención do Departamento de Orientación

PLAN ACCIÓN TITORIAL  
PLAN ORIENTACIÓN PARA O ITINERARIO PROFESIONAL  
PLAN DE DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

PLAN CONVIVENCIA

PROTOCOLOS

( premer nos vínculos da versión on line para acceder a toda a información)

## O NOSO DEPARTAMENTO



### ORIENTADORA - HORARIO CURSO 2018-2019

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>10:10-10:30</b>		orientacion	orientacion	orientacion	orientacion
<b>10:30-11:20</b>		PXAD ESO	Reunión tutores 3º e 4º ESO	Reunión Eq. Directivo	Reunión D.O. PT
<b>11:20-12:10</b>		Reunión tutores 1º ESO	POAP BACH	Reunión Convivencia	Reunión tutores 2º ESO
<b>12:10-12:30</b>	orientacion	orientacion	orientacion	orientacion	orientacion
<b>12:30-13:20</b>	PAT ESO	PXAD Primaria	POAP ESO	Informes	Atención Familias NEAE
<b>13:20-14:10</b>	Coordinación Servizos Externos	Coordinación Centros Adscritos	Xefatura D.O.	Informes	Xefatura D.O.
<b>16:30-17:20</b>	Atención Familias				
<b>17:20-18:10</b>	Xefatura D.O.				

## BASES LEGAIS

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 120/ 1998 do 23 de Abril, regula a orientación nos institutos de Educación Secundaria, que abranguerán, no seu plan de actuación as Escolas de Educación Infantil, os Colexios de Educación Infantil e Primaria, e os de Educación primaria adscritos a él. Igualmente establece a composición e as funcións dos Departamentos.

A Orde de 24 de Xullo de 1998, establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional, definindo ós Departamentos de Orientación como servizos internos. A citada Orde regula, no seu artigo 15º, a elaboración e a estrutura do Plan de Orientación, o cal busca, principalmente, garantir que a Orientación forme parte esencial da actividade educativa e que estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias.

A elaboración do presente Plan de Orientación levouse a cabo dende o Departamento de Orientación, pois como se afirma na antedita Orde, na súa Sección Primeira referido ós Departamentos de Orientación dos centros, asigna ós membros destes Departamentos a función de elaborar dito Plan dacordo coa Comisión de Coordinación Pedagóxica, e responsabilizando, por outra banda, ó xefe do Departamento da súa redacción e seguimento.

Na elaboración do Plan tivéronse en conta, diversos aspectos do Proxecto Educativo de Centro e do Plan Xeral Anual deste centro en concreto, e do coñecemento que desta institución educativa e do seu contexto particular teñen os membros deste Departamento que agora se atopan implicados nesta tarefa.

Asimesmo, en referencia a este Plan, na Sección Terceira sobre a organización e funcionamento destes Departamentos, no seu art. 13º, incídese na coordinación do Departamento de Orientación do Instituto cos centros adscritos de Educación Infantil e Primaria, afirmándose que as liñas xerais do mesmo deberán ser elaboradas conxuntamente, aínda que deberá respetarse a necesaria e desexable adaptación ós diferentes aspectos e contextos educativos de cada centro en particular.

### O NOSO MARCO LEGISLATIVO (VER MÁIS)

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2007 de Atención á Diversidade

Circular 8/2009 Atención a diversidade para o alumnado de ESO.

*lexislacion educativa de Galicia*



Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (LOMCE)

Ley Orgánica 2/2006 de Educación (LOE)

Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación Educativa e Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se dictan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

## ENFOQUE TEÓRICO e FUNCIÓNS en Anexo

## CONTEXTO

[Web do centro](#) e [Web do concello](#)



## OBXECTIVOS

- Favorecer os procesos de madurez, desenvolvemento da propia identidade e valores que consoliden a integridade persoal
- Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado
- Contribuír na convivencia positiva entre todos os integrantes da comunidade educativa.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación: “orientación en e para a vida”, atendendo ó contexto real dos alumnos e ó futuro que poidan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes activas e funcionais.

Estes obxectivos abarcan tres dimensións fundamentais do alumno/a:

**Persoal e familiar**  
**Escolar e social**  
**Profesional e proxecto de vida.**

## CÓMO ACTUAMOS

- Implementando as liñas marcadas con carácter anual do Plan de Acción Titorial (PAT) atendendo (si fose necesario) ás modificacións pertinentes para que se axuste ás necesidades e demandas do centro e ás referidas as novas normativas. Asesorando aos titores baixo a coordinación da Xefatura de Estudos.
- 
- Desenvolvendo o Plan de Orientación Académica e Profesional (P.O.A.P.), informando e asesorando ós profesores no seu adecuado desenvolvemento. Revisando e modificando o mesmo en función da normativa vixente.
- 
- Promovendo unha Escola Inclusiva mediante a Atención á Diversidade, para que deste xeito se obteña o máximo nivel de éxito a todos os niveis ( escolar persoal social..)
- 
- Propoñendo e participando activamente na mellora da calidade educativa, innovacións, convivencia positiva e benestar da comunidade educativa.

## COS COMPAÑEIR@S DO CLAUSTRO

- Sensibilizando ao profesorado da necesidade de colaboración na elaboración e desenvolvemento de medidas que atendan a diversidade (ACS, RE,...) como responsabilidade de todos
- Asesorando nos criterios psicopedagóxicos das programacións didácticas atendendo á diversidade.
- Colaborando nas relacións titores-familia.
- Favorecendo o axeitado desenvolvemento da acción titorial, proporcionando asesoramento, material e apoio ós profesores titores (según as directrices recollidas no PAT).
- Participando na elaboración, deseño e posta en práctica dos programas de intervención propostos dende o PAT (por exemplo: prevención de drogodependencias, programas de Técnicas e Hábitos de Estudio e de Traballo Intelectual, Sexualidade, Igualdade...). Colaborando nos procesos de elaboración, aplicación, avaliación e revisión das Programacións.
- Implicando aos titores como axentes da orientación académico-vocacional.
- Reforzando a colaboración do Departamento de Orientación cos titores/as dos ciclos formativos , ensinanzas de adultos, etc

## CO ALUMNADO

- Recollendo información inicial que permita unha visión xeral do grupo e unha valoración das necesidades coa finalidade de planificar e priorizar as actuacións educativas.
- Identificando e valorando as necesidades educativas do alumnado, actuando de maneira preventiva prioritariamente e interventiva cando sexan detectadas.
- Realizando avaliacións psicopedagóxicas así como a elaboración ou actualización de informes para aqueles alumnos que se lle detectan necesidades educativas específicas, seguimento do proceso educativo e as medidas de atención á diversidade adoptadas
- Deseñando programas de intervención específicos e coordinando o deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade
- Deseñando e desenvolvendo as actividades de Orientación persoal, escolar, e profesional dos alumnos, así como o seu proxecto de vida persoal.

## COAS FAMILIAS

- Promovendo a cooperación centro-familias, en tódolos aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumno
- Asesorando as familias para que asuman responsablemente a educación e a orientación dos seus fillos/as valorando os esforzos compartidos
- Demandando a colaboración das familias para as actividades e programas que se fagan no Centro; así como potencia-la comunicación e o establecemento de relacións fluidas entre as familias e o profesorado.
- Asesorando e informando ós pais respecto ás saídas académico-profesionais, de cara axudar na toma de decisións os seus fillos/as.
- Orientando aos pais nos aspectos básicos para atender ós nenos con NEAES.
- Colaborando activamente coa ANPA do centro, para a organización de actividades do seu interese.

## CÓMO O IMOS FACER

Respecto da rede de orientadores:

ACTITUDE  
COLABORATIVA  
INSTITUCIONAL

Promovemos a iniciativa de conformar un Seminario de Orientadores, dependente da Rede de Formación do Profesorado, coa finalidade de manter un contacto profesional que sirva de apoio tanto profesional como persoal

### Respecto do IES:

- Colaboramos activamente, asesorando a apoiando ao Equipo Directivo e Claustro
- Asistimos e asesoramos nas reunións de avaliación dos alumnos
- Representamos ao departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)
- Orientamos sobre as medidas de atención á diversidade e participamos na revisión e ou elaboración dos documentos do centro baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- Participamos na valoración e propostas de mellora dos documentos de planificación e xestión do centro.

### Respecto ós centros adscritos:

- Establecemos canles de comunicación continuos cos centros adscritos de zona, tanto a través das reunións prescritivas como en todas aquelas ocasións nas que sexa necesario.
- Formamos parte dun grupo de traballo colaborativo intercentros de Cambre.
- Favorecemos o tránsito dende os centros de primaria ó IES e do noso centro a outros.
- Convocamos unha reunión trimestral de coordinación e intercambio de experiencias e aquelas que se estimen pertinentes ó longo do curso escolar.



### Respecto dos Servizos Externos:

- Dende o Departamento de Orientación levamos a cabo as tarefas de coordinación cos distintos servizos externos da zona que estean implicados no proceso de formación persoal, escolar, familiar ou social do noso alumnado.
- Colaboramos cos profesionais dos Servizos Sociais do Concello (Traballadoras Sociais, Educadoras Familiares, Axente de Desenvolvemento Local), ... Contacto con outros servizos da zona: sanitarios, sociais, fundacións e entidades locais ou provinciais de desenvolvemento social e educativo.
- Mantemos contacto e colaboración co Equipo de Orientación Específico (E.O.E.) provincial e con outros departamentos de orientación da zona no que se estime conveniente.
- Establecemos cos distintos organismos de emprego, Consellerías, Servicios de Información á Xuventude, Universidade, Servizos de Emprego.

## A NOSA AXENDA: FLEXIBLE E ABERTA



setembro/décembro

xaneiro/marzo

abril/xuño

actuacións preme nas imaxes por trimestres  
programas de intervención preme nos meses  
calendario escolar preme na imaxe adxunta



## PLANIFICACIÓN 1º trimestre

data: setembro-decembro

### Accións prioritarias:

- **constitución formal do Departamento de orientación**
- **análise do contexto e das necesidades**
- **establecemento das primeiras accións e intervencións**
- **deseño do POE (plan de orientación ) e outros documentos (PAT, POAP...)**

### ACCIÓNNS:

- Avaliación extraordinaria de setembro e adopción das respostas educativas consecuentes
- Elaboración de informes para incorporación a programas específicos, outros centros, becas NEAE
- Seguimento de matriculación de alumnado e acollida de alumnado novo
- Revisión de expedientes académicos e elaboración de fichas persoais de recollida de datos salientables xunto aos titores
- Estudo de necesidades globais para a modificación e recollida no Plan de Orientación e outros documentos do Dpto
- Entrevistas coas familias e alumnado
- Entrevistas co profesorado- titor
- Deseño das medidas e respostas de atención á diversidade co profesorado, equipo directivo e PT
- Primeiras reunións de todos os membros do departamento de orientación para o seguimento do inicio de curso e a adopción consensuada das medidas que se estimen oportunas.
- Coordinación cos servizos externos ( equipo psicoeducativo municipal, equipo de orientación específico, departamentos de orientación dos centros educativos...)
- Avaliación diagnóstica para a consolidación de respostas educativas
- Estudo e proposta de programas para o alumnado ( a demanda e segundo necesidades detectadas)
- Coordinación coa vicedirección do centro para a programación de actividades do alumnado
- Coordinación coa xefatura de estudos para o seguimento da acción tutorial, inclusión do alumnado, e responsabilidades dos docentes
- Coordinación coa dirección do centro para o coñecemento conxunto de todos os aspectos salientables que concernen ao centro
- Establecemento de liñas de colaboración, traballo en equipo, e dispoñibilidade cara o fomento dun bo clima de traballo.
- Potenciar o interese e motivación do alumnado.
- Implicar ao profesorado na orientación profesional, académica e persoal que precise o seu alumnado
- Asesorar na adopción de metodoloxías activas de aprendizaxe que redunden nun éxito escolar do alumno e satisfacción profesional dos docentes.
- Coordinación da elaboración de programas adaptados (ACS)
- Informes de avaliación psicopedagóxica
- Intercambio continuado de información cos equipos docentes sobre a evolución do alumnado especialmente aquel que precisa atención específica
- Resposta xunto co equipo directivo aos imprevistos que poidan xurdir
- Avaliación trimestrais do alumnado, recollida e intercambio de datos cos equipos docentes e titores
- Avaliación continua do programa de actividades de orientación e adopción das medidas precisas
- Boa dispoñibilidade para a escoita activa

## PLANIFICACION 2º trimestre

**data: xaneiro-marzo**

- continuidade das accións de reforzo e apoio, e outras medidas de educación inclusiva
- avaliación continua do proceso de orientación e propostas de mellora

### Accións:

- Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e asesoramento no deseño e desenvolvemento de estratexias de recuperación en función de ditos resultados.
- Preparación de materiais para levar a cabo os Programas de Orientación Académica e Profesional: optativas, distintos itinerarios educativos, inserción ó mundo laboral,...
- Elaboración de materiais para o autoconñecemento dos alumnos e toma de decisións: rasgos da personalidade, intereses, aptitudes, simulacros e toma de decisións.
- Participación nos Programas e Obradoiros ofertados por organismos oficiais e/ou asociacións da zona (sexualidade, reolución de conflitos, prevención de drogodependencias...).
- Elaboración de materiais para a mellora do autoconceito e da autoestima e para a aprendizaxe das habilidades sociais básicas (cos alumnos de ESO).
- Seguimento das sesións titoriais de grupo e elaboración de programas específicos.
- Posta en marcha de seminarios e xornadas relacionadas coa transversalidade.
- Seguimento estreito das medidas de atención á diversidade: apoios, adaptacións do currículo, desdobramentos...
- Participar nas sesións da 2ª avaliación.
- Elaboración de pautas de información para as familias, buscando a súa colaboración, nos programas que se levarán a cabo.
- Realizar informes psicopedagóxicos do alumnado que se derive ó departamento de orientación así como aqueles obxecto de apoio, continuando ó principio de curso coas propostas iniciais dos Orientadores de educación primaria e doutros cursos, incorporando os datos das novas avaliacións psicopedagóxicas ó longo do curso.

## PLANIFICACION 3er trimestre

**data: abril- xullo**

- continuidade das accións de reforzo e apoio, e outras medidas de intervención
- avaliación continua do proceso de orientación e propostas de mellora

### Accións:

- Valoración dos resultados obtidos na 2ª avaliación e asesoramento no deseño e desenvolvemento de estratexias de recuperación en función dos resultados.
- Continuación dos programas iniciados nos trimestres anteriores.
- Valoración dos programas desenvolto, do PAT e do Programa de Orientación vocacional, a través de cuestionarios e reunións.
- Asesorar de forma directa ós alumnos con respecto a optatividade e elección de estudos.
- Participar nas avaliacións finais.
- Seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade adoptadas ó longo do curso..
- Entrevistas cós membros da comunidade educativa para a adopción de medidas consensuadas
- Maior contacto cós centros adscritos para a coordinación no seguimento do alumnado
- Maior intervención directa cós grupos de alumnos para a orientación académica
- Maior adicación as familias para o intercambio e consenso de decisións sobre o alumno/fillo
- Implementación de programas específicos ( charlas, visitas, aplicacións, recursos....) para facilitar a toma de decisións do alumnado sobre o seu futuro académico e profesional
- Incrementar a divulgación, xunto co equipo directivo, da oferta educativa do centro cara o incremento de matrícula
- Prever máis tempos de atención individualizada a alumnado que precise un asesoramento personalizado
- Posta en marcha de "Xornadas Informativas" a celebrar a finais do curso.
- Valoración das necesidades educativas e medidas de atención á diversidade a tomar no inicio do seguinte curso académico
- Avaliación do Plan de Orientación, Plan de acción tutorial, Plan de orientación académica e profesional, Plan de medidas de atención á diversidade
- Propostas de mellora para o seguinte curso académico
- Elaboración da Memoria Final.

**data: final de curso**

### Accións finais:

- constancia documentada ( informes, fichas...) dos datos máis salientables das intervencións e programas levados a cabo
- memorias finais e propostas de mellora

# AVALIACIÓN PARA A REFLEXION E MELLORA

- Eficacia (relación entre obxectivos propostos e os acadados) e grao de eficiencia (xestión de medios aplicados para conseguir os obxectivos)
- Comprensividade e pertinencia, é dicir, adecuación do plan ás necesidades establecidas.
- Satisfacción e suficiencia (relación entre os obxectivos desexados e as necesidades existentes)
- Coherencia e obxectividade (adecuación e grao de consistencia das propostas)
- Aplicabilidade ou funcionalidade e utilidade (capacidade de solución e grao de aplicación).

VALORAMOS PARA  
MELLORAR

- Relevancia, é dicir, importancia para cubrir as necesidades.
- Progreso, é dicir, relación entre as prestacións efectivas e as previstas.
- Actualización, é dicir, capacidade de adecuarse ás situacións reais.
- Participación e implicación dos diferentes membros implicados como son equipo directivo, titores e profesores, alumnado e familias.
- Satisfacción dos membros implicados.

1. CONVIVENCIA
2. EDUCACION SOCIOEMOCIONAL
3. ASESORAMENTO PSICOPEDAGÓXICO  
COMUNIDADE EDUCATIVA
4. PREVENCIÓN DIFICULTADES DE  
APRENDIZAXE
5. ATENCIÓN NEAES
6. ORIENTACIÓN PARA O ITINERARIO  
FORMATIVO

PROGRAMAS DE  
INTERVENCION

## CONVIVENCIA e Programas de mellora e sostenibilidade

### Xustificación

A necesidade de favorecer os procesos de adaptación ao centro do alumnado e das súas familias que chegan novos, do entorno, doutras comunidades e do extranxeiro, a principio de curso e ao longo do mesmo, acada maior importancia para a acción educativa. Na Circular 10/2010 se establece como unha das liñas de acción prioritarias as actuacións referidas á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural. A LOE e a LOMCE sinala que o proxecto educativo deberá incluír entre outros un plan de convivencia, e a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa desenvolve e actualiza diversos aspectos . Desenvolvemos unha das funcións do DO no D/120, “facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade..”

### Obxectivos

- Favorecer o proceso de integración de todos/as e fomentar a socialización e a interacción entre alumnos.
- Axudar a mellorar o desenvolvemento persoal
- Optimizar a vida do grupo clase impulsando a participación do alumnado na vida do centro.
- Proporcionar asesoramento, formación e entrenamento na resolución pacífica de conflitos
- Participar no deseño, desenvolvemento e avaliación de mediadores escolares
- Colaborar na ampliación de recursos docentes para intervir en conflitos escolares
- Favorecer a cooperación e a participación das familias no centro,
- Proporcionar apoio e recursos para contribuir á acollida, integración e convivencia do novo alumnado e pais, e a unha continuidade na acción educativa en especial dos que presenten NEAE.

### Contidos:

- Acollida e inclusión
- Normas da aula e centro
- Resolución de conflitos. Mediación
- Intelixencia emocional e social
- Convivencia na aula, no centro, na contorna
- Convivencia dixital e analóxica
- Relacións entre iguais
- Igualdade e diferenza. A diversidade como enriquecemento
- Valores humanos: empatía, respecto, tolerancia...
- Solidaridade e voluntariado
- Aprendizaxe Servizo para a comunidade educativa e social
- Proxectos comúns e colaborativos

## EDUCACIÓN SOCIOEMOCIONAL

### Xustificación

“A potenciación das competencias personais do alumnado, e os principais contidos a tratar son o desenvolvemento das dimensións afectivas nun contexto interactivo das relacións interpersonais” (Rodríguez Espinar). Este programa pretende incidir no logro de competencias psicolóxicas no alumnado que lles permitan afrontar os riscos que a vida presenta. Trataremos de mellorar o axuste social e a satisfacción persoal do alumnado, aspectos marxinados da práctica diaria do centro, na que predomina en xeral a vertiente

academista. Isto demanda unha intervención orientadora que serve ademais para diminuír a atención de casos individuais desde o counseling e de derivacións a saúde mental.

Proba da importancia que se lle da o desenrolo destes aspectos atopámola nas

Leis orgánicas de educación que presiden o actual sistema educativo onde se fai referencia explícita dentro dos obxectivos das distintas etapas ao desenvolvemento das capacidades afectivas no que se sinala que as Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

A Lei 4/2010 de convivencia e participación establece as actuacións a desenvolver polos departamentos de orientación en relación à mellora das habilidades sociais de todos e do alumnado específico.

### Obxectivos

- Favorecer o contacto da persoa cos seus sentimentos, axudando a identificalos e a comunicalos aos demais
- Desenvolver e construír habilidades de comunicación
- O autocontrol emocional
- Fomentar a adquisición duns hábitos de vida saudables

### Contidos

- A comunicación
- Autocontrol emocional
- A afectividade e sexualidade
- Hábitos saudables: actividades para o lecer, a alimentación e o medio ambiente

## ASESORAMENTO PSICOPEDAGÓXICO

### Xustificación

A formación do profesorado engloba tanto os procesos de formación inicial como a formación continua. Existe unha parte do profesorado que pola súa formación inicial, máis centrada nos coñecementos de carácter científico, non goza dunha formación de igual peso en temas psicopedagóxicos. Por elo esta formación inicial relacionada coa didáctica, que soe ser escasa debe complementarse coa formación permanente, unha das posibles opcións pode ser o asesoramento do DO. Este programa desenvolve unha das funcións do departamento, según o Decreto 120/98.

### Obxectivos

- Favorecer procesos educativos adaptados ao alumnado, mellorando a calidade na resposta educativa.
- Dinamizar as relacións entre os titores/as e os seus equipos docentes, implicándoos nas actividades do plan de orientación.
- Desenvolver actividades que melloren a colaboración coas familias.

### Contidos

- A prevención de dificultades de aprendizaxe
- O desenvolvemento da acción titorial
- A orientación académica e profesional
- As TIC



## PREVENCIÓN DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

### Xustificación

A redución do fracaso escolar conxuntamente co desenvolvemento de competencias básicas por parte do alumnado, é un dos eixes fundamentais da maioría das políticas educativas que se desenvolven actualmente. “O profesor/a coloca a aprendizaxe, o desenvolvemento persoal e profesional, en mans do alumnado para que siga aprendendo cando non esté para axudalo. Aprender procedementos e estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma de nova información é un dos aspectos máis sustanciais que poden ensinarse, porque supón entregarlles provisións para un longo recorrido” (Carles Monereo...). Con este programa pretendemos a través dun traballo docente coordinado e complementario, a capacitación e a adquisición do alumnado dunhas técnicas e estratexias de estudo, e así contribuir ao desenvolvemento da capacidade do alumno/a para realizar aprendizaxes de forma autónoma e reflexiva, á vez que contribuir a que o alumnado alcance o éxito a nivel académico, peaxe probablemente necesario para conseguir tamén que sexan máis felices.

Este ámbito adquire especial relevancia no contexto actual, tanto europeo como internacional, xa que distintas probas internacionais avalían, cada vez con maior relevancia social, as competencias do alumno a nivel xeral.

O Decreto 120/98 establece entre as funcións do DO esta labor preventiva, así como nas Circulares vixentes.

### Obxectivos

- Desenvolver hábitos e técnicas que permitan un estudio eficaz
- Desenvolver estratexias de adquisición, asimilación e recuperación da información.
- Favorecer o desenvolvemento e mellora das destrezas e habilidades de pensamento
- Fomentar metodoloxías innovadoras para a adquisición de novas aprendizaxes
- Favorecer a implicación dos alumnos nas aprendizaxes escolares

### Contidos

- A motivación
- Hábitos e técnicas de estudio
- Estratexias e metodoloxías de aprendizaxe innovadoras
- Aprender a pensar
- Preparación de avaliacións
- Aprendizaxe cooperativa, servizo, por proxectos e retos. Aulas invertidas.

Medidas de atención á diversidade baseadas na inclusión.

## **ATENCIÓN ÁS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO**

### **Xustificación**

As Leis Orgánicas Edecativas que actualmente presiden o sistema educativo establecen a atención á diversidade como principio fundamental, ésta debe rexir todo o ensino básico e terá como obxectivo proporcionar a todo o alumnado unha educación adaptada as súas características e necesidades de acordo cos principios de comprensividade e equidade.

Neste novo marco legislativo, establécese o concepto de necesidades específicas de apoio educativo que se entende como o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar NEAE (o que requira por un período da súa escolarización ou ó longo dela, determinados apoios ou atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta e rexida polos principios de normalización e inclusión), por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por ter que incorporarse de forma tardía ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Asimesmo é unha das accións prioritarias establecidas na Circular 10/2010, a Circular 8/2009 regula algunhas MAD para a nosa Comunidade.

### **Obxectivos**

- Contribuír na comprensión do concepto de diversidade como un elemento positivo para a práctica educativa
- Desenvolver e avaliar o sistema de detección, intervención e mellora da atención ás NEAE
- Favorecer no alumnado o desenvolvemento das técnicas instrumentais básicas
- Proporcionar asesoramento sobre as MAD á comunidade educativa

### **Contidos**

- As necesidades específicas de apoio educativo. A diversidade como algo positivo para o proceso educativo.
- As NEAE : discapacidade, trastornos graves de conducta e outras
- As respostas: Medidas organizativas e curriculares
- A construción e interacción como modelo de aprendizaxe. Métodos interactivos. Metodoloxías innovadoras
- Absentismo escolar
- As Técnicas Instrumentais Básicas (TIB)

### **Inclusión como principio activo**

## ORIENTACIÓN FORMATIVA E PROFESIONAL

### Xustificación

A vertiente vocacional establécese como un dos aspectos prioritarios da orientación educativa (Decreto 120/98 e na Orde 24/98) e isto é así debido á crecente complexidade estrutural das sociedades, do sistema educativo actual que obriga os xoves a optar entre itinerarios formativos, e da inserción no mundo laboral, caracterizada pola temporalidade, flexibilidade, competitividade, formación permanente, as novas tecnoloxías etc., queda máis que xustificada a importancia dunha axeitada orientación.

O aspecto máis importante, ademáis de prepararlles para o desempeño dun posto de traballo, é facilitarlles e asesorarlles no coñecemento de si mesmos, na súa autorrealización, de maneira que a toma de decisións sobre o seu futuro académico e profesional sexa un proceso continuo racional e maduro, podendo así conformar un proxecto de vida realista que lles permita realizarse como persoas e que lles posibilite formar parte activa da nosa sociedade.

### Obxectivos

- Favorecer o coñecemento no alumnado do Sistema Educativo e das opcións académicas
- Proporcionar asesoramento para mellorar o coñecemento no alumnado das opcións profesionais
- Potenciar o coñecemento das posibilidades máis cercanas
- Posibilitar a autoorientación
- Dinamizar a participación das familias no asesoramento vocacional dos seus fillos
- Proporcionar apoio técnico e asesoramento para favorecer a integración curricular dos contidos vocacionais

### Contidos

- Autoconñecemento do alumnado
- Coñecemento do Sistema educativo
- Coñecemento do mundo laboral
- Coñecemento do proceso de inserción-profesional
- A toma de decisións
- As TIC

# Plan de acción tutorial

## PAT



Departamento de Orientación

TITORxS

Marta C. Romeo

[https://drive.google.com/open?id=1QS0q1Cd-V41danNlnwvEQ1baUBoHo8\\_viuu460pei5Q](https://drive.google.com/open?id=1QS0q1Cd-V41danNlnwvEQ1baUBoHo8_viuu460pei5Q)



# **Plan de orientación para o itinerario formativo e profesional**

<https://drive.google.com/open?id=0B1e7zCxEMA-3V0RFZS05Mm9NRjg>

# Plan de Diversidade e Inclusión



## Xustificación

Por atención á diversidade no sistema educativo enténdese “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

(Dto.229/2011,artigo3)

O PXAD é o documento donde se articulan todas as medidas de atención á diversidade e inclusivas.

Será elaborado polo Departamento de Orientación, atendendo ás necesidades específicas e os recursos dispoñibles

Será aprobado polo Consello Escolar

O equipo directivo apoiará, velará e será responsable da súa aplicación.

A concreción de medidas necesarias en cada curso escolar - PAD- será incorporada polo Equipo Directivo ao Plan Xeral que forma parte do Plan Anual do centro

O PAD será flexible atendendo á evolución do alumnado e ás medidas que se precisen en cada momento

Na memoria anual do Departamento de Orientación constarán as conclusións e propostas de mellora.

## MEDIDAS ORDINARIAS

- Están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas”.(Art.8.1)
- Son medidas moi proactivas.
- Entre as medidas ordinarias inclúense:(Art.8.2)
  - Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado
  - Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
  - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos,...
  - Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación
  - Desdobramentos de grupos
  - Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización”.(Art.9.1)
- “Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes”.(Art.9.1)
- Necesitan unha das seguintes autorizacións:(Art.9.2)
  - Da dirección do centro educativo
  - Do Servizo de Inspección Educativa
  - Da xefatura territorial correspondente
  - Da dirección xeral que proceda
  - Algunhas necesitan informe xustificativo do Servizo de Orientación.(Art.9.2)
- Son medidas de corte reactivo.

Entre as medidas extraordinarias inclúense: (Art.9.3)

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- Flexibilización da duración do período de escolarización
- Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento
- Formación Profesional Básica

E ademáis..

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo
- Grupos de adquisición das linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular

<b>MEDIDAS ORDINARIAS DE CARÁCTER PREVENTIVO</b>	
<b>plan de transición entre etapas</b>	Decreto 229 /2011
<b>programas de habilidades sociales</b>	Circular 10/2010, LOMCE, Decreto 229/2011
<b>aula de inclusión e convivencia</b>	Circular 8/2009, Decreto 229 /2011
<b>optatividade</b>	Circular 9/1999 Decretos de currículo ESO 86/2015
<b>adecuación estrutura organizativa centro</b>	Decreto 229/2011
<b>adecuación aula a características alumno</b>	Decreto 229/2011
<b>adecuación das programacións</b>	(Artigos 73 e75 do ROC), Decreto 229/2011
<b>adaptación tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación</b>	Protocolo atención a TDAH Decreto 229/2011
<b>metodoloxías que promovan a inclusión</b>	LOMCE, Decretos de Currículo Primaria e ESO Decreto 229/2011
<b>MEDIDAS ORDINARIAS</b>	
<b>reforzo nas áreas instrumentais</b>	Circular 8/2009 Decreto 229/2011
<b>agrupamento de materias en ámbitos</b>	LOMCE. Decreto 229/2011, Decretos de Currículo Primaria e ESO
<b>programas de recuperación</b>	Circular 8/2009, Decreto 229/2011
<b>programa específico personalizado</b>	Circular 8/2009, Decreto 229/2011
<b>desdobre 1 h/semana</b>	Decreto 229/2011, Orde 1 Agosto 1997
<b>reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria</b>	Circular 8/2009
<b>programas de reforzo e recuperación en horario de tarde</b>	Circular 8/2009
<b>enriquecemento</b>	Orde 28 outubro1996,RD 943,18 xullo
<b>reforzo educativo dentro da aula</b>	Circular 8/2009, D229,2011,7 decembro
<b>MEDIDAS EXTRAORDINARIAS</b>	
<b>agrupamentos flexibles [ae]</b>	Circular 9/1999 ; Art..9. do Decreto 229/2011
<b>apoi do profesorado especialista en PT e/ou AL dentro e fora da aula</b>	Art. 9. Do Decreto 229/2011, Orde do 6-10-1995 (DOG 7-11-1995),
<b>adaptacións do currículo</b>	Orde do 6 de outubro de 1995; Art. 9. Do, Decreto 229/2011 Decretos de currículo
<b>fragmentación de curso</b>	Orde 27 decembro 2002
<b>flexibilización da idade da permanencia na etapa</b>	Real Decreto 943/2003, Orde do 28-10-1996 (DOG 28-11-1996), Decreto 229/2011
<b>adaptación da competencia curricular</b>	Orde do 20 de febreiro de 2004, Decreto 229/2011
<b>grupos de adquisición de linguas</b>	Orde do 20 de febreiro de 2004, Decreto 229/2011
<b>pmar</b>	LOMCE Decreto 86/2015 Instrucciónsprincipio de curso 2015 Decreto 229/2011
<b>fpb</b>	LOMCE, Art. 9. Do, Decreto 229/2011,, Resolución 27 xullo 2015, Orde 13 xullo 2015, Instruccións ciclos de FB no curso 20215-16, RD127,2014,28 febreiro, D107,2014,4 setembro
<b>Atención educativa hospitalaria e domiciliaria</b>	Orde 27 decembro 2002, D229,2011,7 decembro



# ACTUACIONES

- AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓGICA:

Proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe, coa finalidade de identificar as NEE de determinado alumnado que presente ou pode presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal ou académico, e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos como: modalidade de escolarización máis axeitada, proposta de flexibilización da escolarización, elaboración de adaptacións curriculares, proposta de diversificacións do currículo, determinación de recursos e apoios específicos complementarios, orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aquel poida precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades.

A avaliación psicopedagóxica basearase no nivel acadado polo alumno ou alumna en canto aos obxectivos e contidos de aprendizaxe, e, especialmente, na valoración das súas potencialidades e da interacción co profesorado, cos compañeiros e compañeiras e cos materiais no contexto da aula e do centro escolar, así coma no seu contorno sociofamiliar.

Sempre será revisable.

## O INFORME PSICOPEDAGÓXICO:

DECRETO 229/2011: Artigo 35:

1. Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.
2. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, e terán dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación.
3. En síntese, o informe psicopedagóxico debe explicitar ben as competencias adquiridas, as necesidades educativas, a valoración, as orientacións reeducativas e os recursos a usar.
4. Toda a información psicopedagóxica é confidencial, deberá custodiala o departamento de orientación e trasladarse ao expediente do alumnado a relevante para a intervención (informe).
5. (Art. 7º da Orde do 31 de outubro de 1996).

## PROGRAMAS PREVENTIVOS NO NOSO CENTRO:

### **Reforzo colaborativo profesor-PT do grupo-clase e dentro da aula ordinaria**

Esta medida supón o traballo conxunto na aula ordinaria, do profesor adscrito á área ou titor do grupo con outro profesor do centro con dispoñibilidade horaria (incluída a mestra de Pedagogía Terapéutica como unha máis) , colaborando en todas ou algunhas actividades.

O profesor da área será o responsable da planificación do proceso de aprendizaxe e do seguimento e avaliación do alumnado. Esta tarefa será desenvolvida preferentemente por profesorado da mesma etapa do nivel no que se leva a cabo e, con carácter prioritario, nas áreas de lingua castelá/galega e literatura e matemáticas.

Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria: Programas de reforzo.

### **Desdoblamento de grupos**

Poderanse desdobrar grupos para a realización de determinadas actividades co obxecto de facilitar aos alumnos unha atención máis individualizada.

A programación será a mesma para os dous grupos e a coordinación entre o profesorado debe ser máxima.

Na formación dos grupos de alumnos evitarase calquera clasificación dos alumnos polos seus coñecementos, nivel intelectual ou rendemento.

Estará a cargo de profesorado con dispoñibilidade horaria, debendo contar, se é o caso, coa especialidade requirida.

### **Reforzo educativo individual**

Medida dirixida a aqueles alumnos que, con modificacións do currículo que no afecten aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e, de ser o caso, as competencias básicas, poden superar as súas dificultades e seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Elaborado e desenvolto polo profesor que imparte docencia ao alumno na área obxecto de reforzo no contexto escolar ordinario.

Este profesor poñerá en coñecemento do titor que o comunicará á xefatura de estudos e informará ao pai, nai ou titor legal do alumno.

Poderá contar coa colaboración de profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria ou, se é o caso, de profesorado de PT ou AL. Nestes casos será preceptivo o informe da orientadora.

## PROGRAMAS INTERVENTIVOS NO NOSO CENTRO:

### Plan específico de reforzo e recuperación para repetidores

Segundo a normativa vixente e as Programacións dos Departamentos Didácticos correspondentes:

Ver exemplo: Dpto de Lingua Galega

**DATOS RECOLLIDOS NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA PARA O CURSO 2015/2016, compartidos co Departamento de Orientación do centro.**

#### **- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Partindo de que o obxectivo fundamental desta materia é conseguir a adquisición e a mellora da competencia comunicativa, entendida esta como unha competencia ampla que abrangue saberes lingüísticos, sociolingüísticos e discursivos e que lle debe reportar ao alumnado a capacidade para usar a lingua nas diferentes esferas da actividade social e cultural, este departamento combinará o principio dunha educación común para todo o alumnado coa atención á diversidade. De aí que sigamos os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE que parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe programadas responden a tipoloxías e agrupamentos variados –favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexibles– e gradadas en dificultade.

Cando se detecte algún alumno ou alumna que necesite unha atención concreta para poder acadar os obxectivos marcados para esta etapa educativa e a consecución das competencias básicas, así como a titulación correspondente, porase en contacto co grupo de avaliación e co Departamento de Orientación para tratar o tema e procurar vías que leven a que este alumnado poida continuar a súa aprendizaxe dun xeito enriquecedor e encamiñada ao logro dos obxectivos marcados.

Este curso académico decidimos que o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe na área lingüística reciba reforzo fóra da aula coa profesora de pedagogía terapéutica as tres horas semanais (2ºESO) e asemade realizarlle unha ACS. En 3ºESO recibirá reforzo fóra da aula, dúas horas semanais e participará na hora de lectura co resto do grupo clase, tamén se decide reforzar os contidos recollidos na ACS que cursaba o ano anterior.

**Algúns dos camiños a seguir dende este departamento serán:**

- Propoñer diferentes tipos de actividades: de ampliación, reforzo, investigación...
- Aplicar ritmos de traballo axeitados ás características individuais do alumnado.
- Aumentar ou diminuír os ritmos de presentación dos contidos.
- Ampliar ou reducir os bloques de contidos.
- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Adaptarse ás súas necesidades.
- Propoñer adaptacións curriculares (neste caso traballarase conxuntamente co Departamento de Orientación do centro).

### **- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

O seguimento que este departamento fará do alumnado que se encontre nesta situación, pensando en facer máis doada a recuperación desa materia pendente, será o seguinte:

- Reunión a comezo de curso coas partes implicadas para distribuír contidos, elaborar material de apoio e datar reunións.
- O alumnado terá a posibilidade de resolver dúbidas ou solicitar axuda para o estudo dos temas, nos días e horas que o departamento asigne para estas cuestións e lle acaian ben ao alumno/-a.
- Os contidos serán os mesmos que aparecen nesta programación para cada un dos cursos, e serán avaliados e cualificados segundo as pautas comentadas ao longo do proxecto didáctico.
- Os exames realizaranse ao longo do curso académico. Consideramos axeitado facer un exame por trimestre nas datas seguintes: o primeiro en xaneiro; o segundo en marzo e un terceiro exame, en maio, a decidir co alumnado interesado. Asemade decidírase – conxuntamente- a materia da que serán examinados en cada unha das probas propostas.
- A avaliación dos contidos pendentes farase seguindo as normas especificadas na programación, é dicir, serán contidos continuos, non haberá polo tanto exames de recuperación e teranse en conta os posibles traballos propostos ao longo de todo o curso.
- Se o alumnado nesta situación non asiste ás reunións marcadas por este Departamento para axudalos a superar esta materia e amosa desinterese por ela, este alumnado terá as oportunidades que marca a lei.
- Os exames serán elaborados e valorados polo Departamento.

**(A información sobre o alumnado que ten esta materia pendente do curso anterior, aparece recollida no libro de actas deste departamento)**

Recordamos que, se observamos que o progreso non responde aos obxectivos programados, este departamento tomará as medidas que procedan, tanto de reforzo educativo como, de ser o caso, de adaptación curricular. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

## Exención da 2ª lingua estranxeira ( con ou sen cambio da 1º Lingua)

É unha medida extraordinaria dirixida a aquel alumnado con claras e continuadas dificultades de aprendizaxe, sobre todo nas áreas de lingua. Non é, polo tanto, unha medida dirixida ao alumnado con dificultades específicas na 2ª lingua estranxeira. Débese considerar que é unha medida extraordinaria que lle priva o alumno de cursar unha área común nestes cursos.

Alumnado: alumnado dos cursos primeiro e segundo de ESO que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua.

Profesorado: preferentemente mestre especialista en Pedagogía Terapéutica para a atención nas áreas instrumentais, e seguimento de adaptacións metodolóxicas ( tdah, tea, trastornos da comunicación social...) asi como da competencia de aprender a aprender.

Cando un alumno/a deixe de precisar esta medida poderá incorporarse á aula ordinaria na materia sen avaliación.

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NO NOSO CENTRO

### Apoio especializado PT/AL

É o apoio temporal dun profesor especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica dentro ou fora da aula ordinaria que ten como destinatarios alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

Para que se produza este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe da orientadora.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe ou de avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- **Comunicado do profesor, pai, nai ou titor legal á orientadora do centro da necesidade de intervención ou avaliación dun determinado alumno.**
- **Cumprimentación por parte do demandante do cuestionario previo aportado pola orientadora.**
- **Proceso de avaliación e redacción do correspondente informe por parte da orientadora.**

A orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios:

1. Atenderase preferentemente ao alumnado con nee e/ou obxecto dunha AC.
2. Primarase a calidade do apoio limitándose para iso o número de alumnos atendidos simultaneamente

3. Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno fora do grupo ordinario, priorizaráanse os apoios do alumnado DENTRO da aula ordinaria.
4. Evitarase a ausencia nas áreas non instrumentais que favorecen a integración.
5. A atención aos alumnos fora da aula deberá compatibilizarse nas áreas obxecto de apoio coa presenza do alumno na aula ordinaria nestas mesmas áreas co profesorado que as imparte e que será o responsable da avaliación do alumno.

Ao remate do curso, o profesor de PT e/ou AL elaborará un informe relativo ao apoio realizado.

## Adaptación curricular

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 . Consiste na modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).

Decidirase a conveniencia de elaborar unha ACS para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Terá como referente os obxectivos xerais de etapa, precisados na concreción curricular do centro para cada curso.

A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

### Procedemento:

Reunión, coordinada pola xefatura de estudos, á que asistirán o titor, os profesores das áreas a adaptar e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación, as áreas a adaptar así como aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.

Redacción do documento (AC). Os profesores que imparten as áreas obxecto de adaptación realizarán a programación destas e a orientadora elaborará a parte formal da adaptación curricular.

Envío da proposta de AC ao correspondente servizo provincial de inspección que emitirá un informe e tomará decisión sobre a súa aprobación.

As AC deben de estar rematadas e aprobadas no primeiro trimestre antes da primeira avaliación para poder ser o referente da avaliación do alumno.

Conseguentemente é conveniente establecer *prazos no proceso de elaboración*:

- Solicitud de avaliación psicopedagóxica á orientadora: mes de setembro, tras a avaliación inicial.
- Primeira reunión co xefe de de estudos: segunda quincena de outubro.
- Elaboración das programacións e entrega destas últimas á orientadora en soporte informático para a elaboración do documento: primeira quincena de novembro.

- Remisión do documento á inspección educativa: segunda quincena de novembro, tras a segunda reunión de revisión coordinada polo xefe de estudos.

### Responsabilidades:

É competencia do xefe de estudos na atención á diversidade, *coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.*

É función do profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais *colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.*

É función do titor *coordina-las adaptacións curriculares dos alumnos do seu grupo*

É función da orientadora *realizar as avaliacións psicopedagóxicas , se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza.*

## Programas específicos personalizados

Para o alumnado repetidor.

Segundo o establecido na Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria.

1.1. O alumnado repetidor de 1º e de 2º cursos seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no Informe de avaliación final, establecido no artigo 14º da *Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.* (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e considerando a información obtida no proceso da avaliación inicial, segundo o establecido no artigo 4º da orde anteriormente citada. Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

1.2. Os programas específicos personalizados deberán contemplar, ademais, a posible incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas instrumentais básicas ou de recuperación doutras áreas se estes programas forman parte da oferta do centro para a atención á diversidade. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área

1.3. O alumnado repetidor de 3º e de 4º cursos seguirá un programa específico personalizado nas mesmas condicións có alumnado de 1º e 2º cursos, agás a súa incorporación aos programas de reforzo ou de recuperación.

1.4. *Profesorado.* Corresponderalle ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas

propostas polo departamento correspondente e comunicarllo ao profesorado titor, quen, coa frecuencia e segundo o procedemento establecido, deberá facelo chegar ás familias, para o seu coñecemento e colaboración.

### **Alumnado con perfil de Formación Profesional Básica. FPB**

Dirixidos a alumnado entre **15 e 17 anos** que teñan cursado 3º ESO ou, excepcionalmente, 2º ESO.

Requisitos que debe cumprir el alumnado de forma simultánea:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, nai ou titor/as legal
- Cumprir 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- A proposta do equipo docente, tamen poderá solicitar a admisión en FPB o alumnado de 17 años cumpridos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado en ESO. De quedar plazas vacantes, completaránse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:
- Que cumpran 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio e,
- Que no estean en posesión dun título de FP ou outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

Duración de 2.000 horas, equivalentes a **dos cursos**.

## **Outras medidas de atención á diversidade**

Se ben reflectimos só aquelas que previsiblemente contemplamos no inicio deste curso, tanto o Centro Educativo como o Departamento de Orientación están en disposición aplicar aquelas que xurdan ao longo do curso escolar.

### **Atención educativa hospitalaria e domiciliaria**

O artigo 25 do Decreto 229/2011, de 21 de decembro, sinala que “a atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.”

Segundo o referido Decreto (artigo 25) e a Orde do 27 de decembro de 2002 (artigos 47 a 51) , podemos sinalar en referencia a esta modalidade de escolarización:

**- Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:**

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.



### **Flexibilización da duración do período de escolarización**

Consiste en aumentar ou reducir, excepcionalmente, o tempo de permanencia na etapa respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado, respectivamente.

No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o aumento da permanencia na etapa, se cursa a educación secundaria obrigatoria, farase fragmentando os cursos de 3º e 4º da etapa. No bacharelato farase fragmentando os seus cursos por materias e na formación profesional específica por módulos.

No caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por altas capacidades intelectuais a flexibilización da etapa consistirá na redución do tempo de permanencia na mesma.

So será aplicable no ensino básico e a redución será dun máximo de dous anos. Esta redución máxima non se poderá aplicar na mesma etapa educativa.

### **Programa de Enriquecemento Curricular**

Consiste en realizar axustes individualizados co alumnado que supera o ritmo e os contidos do programa de clase, modificando só as actividades, a metodoloxía, os procedementos de avaliación e a temporalización.

Destinatarios: alumnado que ten un nivel de competencia curricular superior ao seu grupo de referencia.

Profesorado: Aplicarase dentro da aula polo profesor/a de cada materia.

Temporalización: Dependerá das necesidades de apoio que requira o alumnado que sexa obxecto desta medida.

### **Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento. PMAR**

Para alumnado con dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de estudio ou reforzo.

Condições:

- Ter repetido cando menos un curso em calquera etapa
- Logo de cursado 1º de ESO, non estar en condicións de promoción a 2º.
- Ter cursado 2º e non estar en condicións de promocionar a 3º.

Duración:

Ao longo dos cursos 2º e 3º no primeiro suposto, ou só en 3º no segundo suposto

Se logo de cursar 3º non se está en condicións de promoción a 4º, se poderá incorporar, excepcionalmente, a este programa para repetir 3º.

Versión on line PAD:

<https://drive.google.com/open?id=1wIW6xt7ZMEnN602GnMSW7vZaZht01yLzK9cEe1vFAzI>

## **CANLES DE COMUNICACIÓN COMUNIDADE EDUCATIVA**

Algunhas das iniciativas que ilustran o modelo de comunicación e intercambio de información coas familias fanse visibles a través das seguintes actuacións:

Reunións PERÍODICAS co profesorado para dar e recibir información.

Contacto das familias fluido e aberto ao traballo de aula.

Contacto bidireccional continuado e coordinación entre os profesionais internos e servizos externos que atenden ó ACNEAE

# PAD 2018-2019

## Medidas específicas de atención á diversidade.

As respostas educativas que aquí se reflicten baséanse en:

- A continuidade de medidas recibidas polo alumnado con necesidades específicas de apoio educativa, cando así ven determinado do curso anterior
- A análise e valoración consensuada na Xunta de Avaliación Inicial, e en cada xunta de avaliación.
- A detección constante de novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso para a intervención inmediata.
- A prevalencia de accións principalmente preventivas que minimecen o impacto das interventivas.
- A flexibilidade e carácter preventivo, interventivo ou transitorio das medidas, coa conseguinte variabilidade das mesmas ao longo do tempo, atendendo SEMPRE á necesidade de cada alumno.

### Horario da mestra PT

<u>LUNS</u>	<u>MARTES</u>	<u>MÉRCORES</u>	<u>XOVES</u>	<u>VENRES</u>
EXENCIÓN 2º A	GARDA	MATE 3º C PABLO	EXENCIÓN 1º A	MATE 3º C PABLO Aula apoio
MATE 3º C PABLO	EXENCIÓN 2º C	Cast.1º A YAGO Aula Apoio	GAL 1º A YAGO- EMMANUEL Aula Apoio	
Cast. 2º A Aula 2º A	EXENCIÓN 1º B	ATENCIÓN PAIS/NAIS	MATE 1º A YAGO Aula Apoio	REUNIÓN DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN
EXENCIÓN 1º B	EXENCIÓN 2º A	EXENCIÓN 1º A		GAL 1º A YAGO – EMMANUEL Aula Apoio
EXENCIÓN 2º C	Cast.1º A YAGO Aula Apoio			MATE 1º A YAGO. Aula Apoio
GARDA	MATE 1º A YAGO Aula Apoio			

**ANEXO****Actividades PLAN DE ACCION TITORIAL****(propias e colaborativas de centro)**

1º trimestre

Qué	Cándo	Para quen	actividades	Quen imparte
Acollida	Inicio de curso	Alumnado, profesorado, familias	Xornada	Equipo directivo
Convivencia	Outubro	1º ESO	Roteiro	OMIX
Tecnoloxía	Novembro	1º e 2º ESO	Taller Titorías	Nvega con rumbo
Diversidade sexual LGTBIQ	Novembro	De 2º de ESO A 1º de BACh	Charla	ARELAS
Tolerancia 16N				Concello
Abuso Infantil 19N	Novembro	Todos	Exposición	AGAMME
Educación Emocional	Novembro	3º e 4º ESO	Taller Titorías	Concello ANHIDA
Ed. Solidaria Dereitos Infancia 20N	Novembro	1º ESO	Taller titorías	Cooperacion Internacional (CRE Coruña)
25 N Violencia xénero	Novembr 25N	2ª ESO  Todos	Taller Bó Trato  Campaña "En Negro" Exposicion e Redes	Concello
ETS 1D	Titorias	4º e 4º ESO e	Charla	Dr. Pérez Mendaña
Conmemoracións para titorias	10 oct 11 oct 16 nov 19 nov 20 nov 25 nov 1 dec 3 dec 10 dec			Saúde mental Día das nenas Día Tolerancia Contra abusos sexuais Día infancia Violencia xénero SIDA e ETS Discapacidade Dereitos Humanos

2º trimestre (pendentes confirmación e novas propostas)

Qué	Cándo	Para quen	Actividades	Quen imparte
Paz 30E	30 Xaneiro	Todos		
Igualdade. 8M	8 marzo		Equipo Directivo, tutores	Noa ( CRE)
Solidaridade				
E. Saúde DI K NoN	Titorías	3ª e 4º ESO		Fundacion Barrié
Ed. Afectivo- sexual I	Titorias trimestre	2º, 3º ESO	Orientación titorias	Cruz Vermella Cambre?
Ed. Afectivo- sexual II	Titorias	4º ESO, PFP FP	Orientación titorias	
Ed. Consumo	titorias	todos		
Tolerancia 1/21 Marzo				
Visitas Orientación?	VISITA	4ºESO, 1º BACH	Orientacion, titorias	
Orientación Itinerarios	marzo		Orientación	
Orientación Familias	marzo	ESO	Orientación	
Visita Familias 6º Primaria	marzo	6º CEIPS	Equipo Directivo	Equipo Directivo
Conmemoracións para titorias	4 feb 21 feb 1 marzo 21 marzo 21 marzo			Día loita Cáncer Lingua materna Discriminación Xenofobia Síndrome Down

3º trimestre ( pendentas confirmación e novas propostas)

Qué	Cándo	Para quen	Responsables	Quen imparte
Conmemoración Día Mundial da Saúde	Semana 7 abril	Todo o alumnado	Todo o centro	
Itinerarios académicos	Abril	2º , 3º ESO, 4º ESO Familias	Dpto Orientación Titores	Orientadora
Primeiros Auxilios	Abril	1º BACH	Dpto Orientación Titores	Cruz Vermella
ABAU	Abril	2º BACH		
Acceso Universidade	Maio	Bach e familias	Dpto de Orientacion Titores	Orientadora
Visita alumnado 6º Primaria	Xuño	6º CEIPS	Equipo Directivo	Equipo Directivo
Xornada de Portas Abertas	Xuño	aberto	Todo o centro	Visita guiada polo noso centro
Medioambiente 2X				
Conmemoracións para titorias	2 abril 7 abril 16 abril 15 mayo 31 mayo 1 xuño 5 xuño 12 xuño 20 xuño 26 xuño			Autismo Día Saúde Explotacion infantil Día Familia Día sin tabaco Día niño Medioambiente Trabajo infantil Reguxiados Uso e trafico drogas

## ANEXO PROTOCOLOS

Diabetes  
Urxencias e enfermidade crónica  
Atención domiciliaria  
Atención temperá  
Espectro autista  
Identidade xénero  
Absentismo escolar  
Acoso e ciberacoso  
Protección datos  
TDAH



Poden ser consultados en

**Versión on line:**

# ANEXOS

## ENFOQUE TEÓRICO

É importante sinalar que a actuación do Departamento responderá ao enfoque que entende a orientación como unha tarefa de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo o orientador un elemento dinamizador deste proceso. En palabras de *Alvarez, M. e Bisquerra, R.*, orientar é: educar para a vida, asesorar sobre opcións e alternativas; desenvolver habilidades (toma de decisións, estratexias de aprendizaxe autónoma, habilidades sociais, etc.); proporcionar unha atención á diversidade, isto implica, entre outros aspectos, un reforzo e apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.

Compartimos o enfoque de *orientación psico-socio-pedagóxica* consistente nun proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, poñendo un énfase especial na prevención e no desenvolvemento integral (persoal, social e da carreira), que se realiza ao longo de toda a vida, coa implicación dos diferentes axentes educativos (titores, orientadores, profesores) e sociais (familia, profesionais, etc).

Partindo de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e considérase un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, concíbese como un dereito de carácter xeralizado, continuo, preventivo, e integrado, e que, dende o respecto ás características distintivas da comunidade educativa, actúa desde o asesoramento xeralizado e individualizado e desde os modelos de intervención psicopedagóxica a través de programas.

O modelo que adoptamos é coñecido tamén como **modelo de programas** caracterizado basicamente por:

- Desenvolverse en función das necesidades do centro e a comunidade educativa
- Os receptores son axentes activos do seu propio proceso de orientación.
- Actúase sobre o contexto cun carácter máis preventivo que terapéutico.
- Establecese ao longo dun continuo temporal.
- Levase a cabo un seguimento-avaliación do realizado.
- Permite unha máis fácil relación entre curriculum e orientación.
- Abre o centro á comunidade.

Seguindo esta liña e as aportacións de autores como Álvarez Rojo (1994), Repetto, Rus e Puig (1994) e Martínez Clares (2002), o MEC promulga os seguintes principios:

- Principio de prevención.-

baseado na necesidade de preparar ás persoas para a superación das diferentes crises de desenvolvemento. O seu obxectivo é desenvolver a competencia funcional e social da persoa, a súa capacidade para afrontar situación e o seu fortalecemento interior.

- Principio de desenvolvemento.-

a intervención supón un proceso mediante o que se acompaña ó individuo durante o seu desenvolvemento, coa finalidade de lograr o máximo crecemento das súas potencialidades.

- Principio de intervención social.-

enfócase dende unha perspectiva holística-sistémica da orientación, segundo a cal, débense incluír en toda intervención orientadora as condicións ambientais e contextuais do individuo, xa que inflúen na súa toma de decisión e no seu desenvolvemento persoal.

- Principio de fortalecemento persoal (empowerment)

proceso no que as persoas, a organización e os grupos que non se sinten competentes ou que se atopan marxinados, chegan a coñecer as dinámicas de poder que actúan no seu contexto vital, desenvolven as habilidades ou capacidades para tomar o control das súas propias vidas sen interferir nos dereitos de outras persoas, e apoian e reforzan o fortalecemento persoal dos demais componentes do seu grupo ou comunidade (McWhirter, 1998).



## FUNCIÓN

As nosas funcións como departamento de orientación son, segundo o art. 5º da Orde do 24 de xullo de 1998:

- Valoramos as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñamos, desenvolvemos e avaliamos programas específicos de intervención no su ámbito de actuación
- Elaboramos, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas do POAP (Plan de Orientación Académica e Profesional), e do PAT (Plan de Acción Titorial), incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico
- Participamos na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico
- Deseñamos accións encamiñadas á atención temperá, do noso alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades e problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presente o alumnado.
- Participamos na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade
- Facilitamos ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal
- Informamos ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propomos a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro
- Cooperamos co EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación
- Impulsamos a participación do profesorado en programas de investigación de innovación educativa
- Promovemos a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións
- Establecemos canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións
- Nos institutos onde se imparta formación profesional específica, coordinamos a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións
- Aqueloutras que a Administración educativa nos puidese encomendar no ámbito das nosas funcións.
- Fomentamos e participamos nas actividades relacionadas co clima de convivencia e de resolución pacífica de conflitos.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES DAVID BUJÁN

CURSO 18/19

Este documento foi elaborado perante o inicio do presente curso académico segundo as directrices marcadas pola normativa vixente e os criterios de elaboración que no mesmo se detallan, e redactado pola xefa do departamento de orientación.

A data da entrega ó equipo directivo corresponde coa abaixo indicada, logo da constitución formal do departamento, o establecemento das liñas xerais do plan por tódolos seus membros, e a aprobación das modificacións previstas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Asdo: Marta C. Romeo

Asdo: Elvira Fernández Pérez

Xefa Departamento Orientación

Mestra Pedagogía Terapéutica

En Cambre, a día 30 de setembro do ano 2018